

A LECTURA, UNHA CHAVE DE FUTURO



XUNTA DE GALICIA

Editan

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura
e Ronse! de Ideas

Coordinación e contidos

Ronse! de Ideas (R. Nogueira / R. Vilar)

Deseño e maquetación

Distrito Xermar

Colaboran

Letra en Obras
Botóns

Año


2016

ÍNDICE

A lectura, unha chave para a vida	4
Antes da chegada das letras, a ler tamén se aprende	6
Os libros e as idades	8
A lectura en familia. Algunhas regras básicas	10
A lectura nun mundo dixital. Novos retos	12
As librarías e as bibliotecas, espazos comúns	14
A biblioteca da nosa casa	16
Proposta de actividades	17
Compartindo experiencias	20
Bibliografía	36

1. A LECTURA, UNHA CHAVE PARA A VIDA

A lectura é unha das funcións máis complexas que pode desenvolver o noso cerebro. Ao ler, á vez que descodificamos un sistema de códigos, informámonos, analizamos e interpretamos. Este exercicio intelectual, que nos pode parecer tan simple unha vez adquirido, potencia de xeito extraordinario capacidades básicas para a vida diaria: a atención, a imaxinación, a memoria, a reflexión ou o razoamento. Un lector terá ante si moitas chaves que lle axudarán a ver a realidade dende numerosas perspectivas. A capacidade lectora, como actividade intelectual, necesita de tempo e práctica.



ter un mellor futuro persoal e profesional. Nesa formación primeira xoga un papel determinante o hábito lector. Ninguén dubida de que os nenos que len de xeito habitual desenvolven habilidades que lles permiten coñecer mellor o mundo que os rodea e tamén os sentimentos propios e os das demais persoas.

os nenos que len de xeito habitual desenvolven habilidades que lles permiten coñecer mellor o mundo que os rodea e tamén os sentimentos propios e os das demais persoas

Como pais e/ou responsables da educación de nenas e nenos, aspiramos a ofrecerlles todas as ferramentas que lles axuden a

Cada vez máis, o mercado demanda profesionais moi especializados, expertos en materias concretas. Mais antes de nada, as mulleres e os homes somos persoas a tempo completo, as 24 horas do día e os 365 días do ano. Unha base cultural sólida faranos mellores especialistas pero, o que é máis importante, medraremos humanamente.



Hai unha dimensión social da lectura que non podemos esquecer. As sociedades precisan de individuos formados que participen de xeito construtivo na resolución de toda clase de desafíos. Un colectivo humano no que o hábito lector estea estendido será, sen dúbida, máis democrático, máis plural e máis resolutivo.

Temos claro que necesitamos lectoras e lectores, cidadáns libres que sexan quen de interpretar o seu tempo. E na nosa man tamén está conseguilo. Deámoslles aos libros a importancia que teñen, transmitámoslles o valor da lectura ás xeracións máis novas e, coma en todo, empecemos por cambiar nós mesmos, o noso contorno máis inmediato. Esta guía non pretende outra cousa que lembrar a importancia que temos todos na tarefa de lograr unha sociedade máis culta e, especialmente, os que teñen a responsabilidade directa de educar os máis pequenos.

Antes incluso de que a rapazada aprenda a ler, é preciso que comprenda a importancia da lectura. A curiosidade e a motivación dende as primeiras etapas da vida poden ser decisivas á hora de achanzarlles o camiño. Non perdamos tempo, xa se sabe que a miúdo o urxente non é o máis importante. E a lectura é, sen dúbida, unha ferramenta de crucial importancia para o futuro dos nosos nenos.


Sostemos que ler tamén é divertido, pero non nos enganemos, ler require esforzo e unha constancia que ten moito que ver cunha carreira de fondo. Como pais e nais, como adultos responsables de cativos, debemos ser conscientes desta premisa.

ler require esforzo, constancia, e ten moito que ver cunha carreira de fondo. Como pais e nais, como adultos responsables de nenos, debemos ser conscientes desta premisa

2. ANTES DA CHEGADA DAS LETRAS, A LER TAMÉN SE APRENDE

A formación de futuros lectores, como todos os procesos de educación infantil, é tarefa, en primeiro lugar da familia, posteriormente da escola e tamén, noutros graos diferentes, da sociedade no seu conxunto (a administración, medios de comunicación etc). Mais, sen dúbida ningunha, é ás familias a quen lle corresponde un papel primordial no achegamento dos máis pequenos á lectura.

En demasiadas casas aínda se considera que estimular o gusto pola lectura non é unha responsabilidade familiar. Coidan que esta misión lle vai corresponder en exclusiva ao profesorado cando os rapaces principien a súa andaina escolar. Nada máis lonxe da realidade. O gusto pola lectura tamén é



unha herdanza familiar. Canta máis importancia e estima se lle outorgue a esta actividade na casa, máis posibilidades de que se adquira o gusto polos libros.

Dende os primeiros meses, moito antes de que cheguen as competencias na lectoescrita, é básico que lles falemos, que lles contemos historias, que xuguemos coa entoación e que lles leamos libros. Este primeiro contacto coa oralidade é un preámbulo imprescindible que axudará pouco máis adiante a que non sexan obxectos estranhos. A emoción, a fascinación primeira, irá abrindo o camiño para autonomía lectora futura.

conseguir a desexada. Cómpre telo en conta.

o gusto pola lectura tamén é unha herdanza familiar. Canta máis importancia e estima se lle outorgue a esta actividade na casa, máis posibilidades de que se adquira o gusto polos libros



Canto antes comecemos a axudarles, máis grande vai ser a posibilidade de éxito. Canto máis tardemos en estimular os nosos fillos, máis complicado será inculcar o hábito lector. O que lles contamos antes de durmir ou nos momentos de lecer é o alicerce no que se asenta o primeiro achegamento á lectura. Os máis pequenos da casa están desexosos de oír historias, de descubrir un universo descoñecido. Na nosa man está incentivar este interese, espertar a sede polo coñecemento e facerlles ver que os libros son a mellor maneira de acceder a el.

Antes de ler, diante de nós hai un mundo que descifrar. As letras non só están, nin moito menos, nos libros. Nas rúas, na nosa vida cotiá, hai milleiros de códigos e de estímulos de lectura: sinais de tráfico, letreiros de negocios, logotipos de coches, carteis... Podemos xogar con eles a descifralos, explicarlles que significan determinados símbolos, sorprendernos por quen de interpretalos. Os nenos e as nenas están desexosos de adquirir coñecementos do espazo que nos rodea. Non o esquezamos nunca, dende as primeiras semanas de vida.

Pero ademais do anterior, tamén é sumamente importante que vexan que a lectura forma parte das nosas vidas, que non é algo alleo a nós. Os pais, as nais, os avós... somos un modelo para os cativos en todos os aspectos da vida. Que nos vexan gozando da lectura é a mellor das estimulacións posibles.

**os máis pequenos da casa están
desexosos de oír historias, de
descubrir un universo descoñecido. Na nosa man está incenti-
var este interese**

3. OS LIBROS E AS IDADES



Temos que ter en conta que hai libros adecuados para cada etapa da infancia, incluso para os bebés. Como xa dixemos, nos primeiros anos de vida as nosas palabras son o mellor achegamento aos libros, mais iso non significa que os pequechos non deban ir familiarizándose con eles como obxecto. Velaquí algunhas orientacións de libros que facilitarles segundo idades.

Antes de saber ler

- Nos seis primeiros meses son útiles os libros feitos de materiais especiais que non representan perigo. Achegarase a eles, tocaraos ou incluso xogará a esmagalos. Está no proceso de familiarizarse co obxecto
- Dende os 6 aos 12 meses hai libros feitos con materiais pensados para eles. É habitual que conteñan imaxes reais que lle son facilmente recoñecibles.

- De un a dous anos, buscaremos libros onde predominen as ilustracións e os textos que nós lle iremos lendo. Eles serán os encargados de asociar letras e imaxes.

- Entre os dous e os tres anos aos rapaces xa lles interesan lecturas secuenciais (inicio, nó e desenlace).

- De tres a seis anos: nesta etapa os libros son un magnífico xeito de reforzar as relacións familiares. A ilustración de calidade xoga un papel fundamental.

Etapa lectora

- A partir dos seis anos, e nalgúns casos xa antes, comezan a desenvolver a capacidade de ler. É este un momento idóneo para asentar o hábito lector porque os rapaces están marabillados de poder descifrar uns textos que ata hai pouco eran simplemente

inintelixibles. Podemos buscar narracións sinxelas, contos tradicionais ou poemas e cancións infantís.



- Entre os nove e os doce anos os rapaces desenvolven unha forte autonomía lectora. Buscan libros que respondan aos seus intereses e debemos potenciar a súa independencia sen abandonalos. É importante que observemos os seus gustos e como estes van variando. Non debemos criticar as súas eleccións, hai que valoralas e, ao mesmo tempo, suxerirlles alternativas de calidade contrastada. Nesta etapa acostuman buscar narracións fantásticas, mitolóxicas pero tamén historias da vida real e obras divulgativas (mundo animal, ciencia, formas de vida diferentes doutras culturas etc.)

- A partir dos doce anos. Chegada a adolescencia, é importante seguios acompañando e ser conscientes de que a autonomía como lectores está un pouco máis preto. Debemos coñecer as súas inquietudes e manter un diálogo no que a suxestión sexa a guía. Se dicimos que a imposición sempre é mala estratexia, nesta etapa o seu resultado aínda será máis contraproducente.

4. A LECTURA EN FAMILIA. ALGUNHAS REGRAS BÁSICAS

Xa dixemos que a familia máis achegada ten unha importancia notable na adquisición do hábito lector. Sen dúbida, todos os que participamos na educación dos nenos e nenas temos unha responsabilidade. Deixámosvos DEZ PRINCIPIOS REITORES que contribuirán a crear os bos lectores e lectoras do futuro:

1) O noso exemplo

Tal e como dixemos no apartado anterior, os adultos somos un espello para os nenos cos que nos relacionamos. Que vexan que temos unha relación constante e pracenteira cos libros é algo que os animará a se achegaren a eles.

2) escoitar e dialogar

Dende que comezan a falar con certa fluidez, os pequeños teñen curiosidade, queren coñecer e transmitir á súa vez os seus pensamentos e emocións. Necesitan tempo e, sobre todo, calidade desta (diá-



logo, atención...). É importante escoitalos e ensinalles que moitas respostas ás súas preguntas están gardadas en libros.

3) Compartir

Compartamos libros e lecturas con eles: lermos contos xuntos e lembrar a importancia dos volumes como obxecto (lembra que incluso hai formatos apropiados para os bebés)

4) Proponer, nunca impoñer

A lectura nunca se pode converter nunha obriga. Queremos formar futuros lectores, que o sexan toda a vida, para iso é transcendental espertarlles o interese e buscar a súa complicidade.

5) Acompañar nos primeiros tramos do camiño

Habitualmente, nas casas preocupámonos máis do momento no que os nenos comezan a ler que das etapas posteriores. Hai que estar atentos á súa evo-

lución como lectores, convidalos a que nos conten a súa experiencia e axudarlles cando o precisen.

6) A constancia

Fomentar o gusto pola lectura non é cuestión de días, nin de semanas, nin de meses. A educación é un acompañamento do neno dende os primeiros anos ata que, superada a adolescencia, é xa un adulto pleno. Reservemos a diario un pequeno espazo para ler.

7) O respecto

Cada un de nós ten gustos literarios moi diversos e gústanos ler en diferentes momentos e situacións. Teñamos en conta que isto tamén é aplicable aos pequenos. Por iso é fundamental coñecer os seus gustos e, aínda que poidamos propoñerlle outras lecturas, tamén saber respectalos.

8) As bibliotecas e as librarías son aliadas

É importante visitar con regularidade lugares onde os libros son protagonistas, como é o caso das bibliotecas ou das librarías. Facerse usuario da biblioteca máis próxima ou acudir unha vez ao mes a unha librería para saber das novidades editoriais (sobre todo as destinadas á súa idade) supón un gran reforzo. Lembra que nestes espazos a miúdo se programan actividades de animación.

9) Estimular, recompensar


Ao igual ca nós, en cada momento os pequenos teñen as súas inquiredanzas. Hai veces que estarán interesados en coñecer o universo, en saber máis de como se vivía antigamente ou sobre un deporte en




concreto. Podemos sorprendelos cun libro relacionado coa súa curiosidade. Non ten por que ser soamente comprando o exemplar, tamén podemos pedilo emprestado na biblioteca.

10) Organización

A planificación axuda na tarefa de fomentar o pracer pola lectura. É moi pedagóxico que dende moi cativos teñan a súa propia biblioteca persoal. Un neno ou nena de tres anos pode e debe ter un espazo para os seus primeiros libros e tamén é importante que aprenda a telos recollidos. Segundo vaian medrando, e a súa biblioteca vaia aumentando, podemos ensinarlles a organizalos por determinados criterios (autores, temáticas etc.).



5. A LECTURA NUN MUNDO DIXITAL. NOVOS RETOS



A maior parte das propostas que se fixeron nos apartados anteriores proveñen de metodoloxías que levan décadas aplicándose e que teñen demostrado resultados satisfactorios. Agora ben, é necesario ter en conta que vivimos nunha época onde os cambios tecnolóxicos son máis vertixinosos que nunca. Nos últimos 20 anos produciuse un acceso universal e masivo a internet e espallouse canda a rede unha nova cultura: a dixital.

Cada vez hai máis autores que chaman a atención sobre os cambios no proceso lector que van aparelados ás novas tecnoloxías. Un exemplo é o de Paciano Merino e José Luis Polanco, no seu libro *Formar lectores en la era digital*, defenden que "se non podemos nin debemos prescindir de internet; se, por outro lado, é certo que este medio está fomentando novos hábitos intelectuais e

que estes están debilitando determinadas capacidades intelectuais; e se, por último, estas circunstancias repercuten negativamente na calidade lectora, entón é necesario desenvolver unha aprendizaxe da lectura en paralelo, dentro e fóra da rede. Dentro porque, como xa dixemos, internet é irrenunciable; e fóra porque sabemos que algunhas das habilidades intelectuais que unha boa lectura require se poden conseguir dende soportes máis simples (...).

a ameaza para a lectura non está en internet, senón en crer que na rede se pode ler igual que se le fóra dela

A distinción entre os dous tipos de lectura faise necesaria e o lector debe ser consciente de que está realizando actividades intelectuais diferentes, aínda

que nos dous casos estea lendo. A ameaza para a lectura non está en internet, senón en crer que na rede se pode ler igual que se le fóra dela; en crer que ambas as lecturas son a mesma, ou en deixar que a

práctica dunha contamine a outra (...)"

Coma moitos outros autores, defenden que, diante dos profundos cambios que se produciron no eido social e tecnolóxico, é preciso engadir novas estratexias para lograr un "hábito lector maduro". Esgrimen a teoría de que é preciso un cambio "da animación á formación do carácter do lector".

Algunhas estratexias necesarias:

- Fomentar a concentración. A miúdo a información dixital baséase na rapidez de actualización e de consumo, mais a lectura en profundidade precisa de concentración, silencio e incluso meditación. É importante, pois, que inculquemos estes valores asociados á lectura. Os rapaces teñen que poder ler en áreas libres de interrupcións (televisión, computadoras, teléfonos...). Falamos de aprender a diferenciar distintos planos de lectura.
- A actitude receptiva. Ler é, en certo xeito, un diálogo entre autor e lector, por iso é tan importante a actitude receptiva deste último.
- O silencio. Hoxe, máis que nunca, é fundamental poñer en valor o silencio, como aliado necesario para unha lectura atenta e reflexiva.



6. AS LIBRARÍAS E AS BIBLIOTECAS, ESPAZOS COMÚNS

Dende ben pequenos, incluso antes de que adquiran as primeiras destrezas como lectores, é moi útil achegarnos a espazos físicos onde o libro é protagonista. Tanto nas librarías coma nas bibliotecas os nenos aprenden novos conceptos sobre o uso e gozo dos libros e, paralelamente, comprobamos que a lectura é unha práctica social que non se circunscribe só ao fogar.

a) As bibliotecas

Busca a biblioteca máis próxima ao teu domicilio (barrio, parroquia ou concello). Estes recintos públicos teñen as súas regras básicas de funcionamento coas que os pequenos se deben ir familiarizando. Comezaremos polas cuestións máis básicas: o espazo dos libros para adultos e o infantil.

O seguinte paso é ir vendo a distribución temática dos libros. Para comprendelo, nada mellor que o uso habitual das instalacións.



Nestas, os pícaros entenderán as múltiples caras da lectura: o entretemento e o coñecemento, a información e a formación... Cando o seu propio desenvolvemento o vaia permitindo, debemos fomentar a súa autonomía como usuarios: onde pode ler, como se fai o préstamo ou a relación cos bibliotecarios.

Mais hai un factor que é quizais o máis importante: a relación co mundo do libro e da cultura en xeral. Nas bibliotecas máis dinámicas hai unha programación que axuda a asentar o hábito lector: presentación de libros, visitas de autoras, talleres de animación á lectura, concursos, contacontos etc. Busca esta oferta no teu concello (se non a tes no teu municipio, de seguro que hai algunha biblioteca de referencia na comarca). Acudir ás actividades infantís que programan moitas bibliotecas é, sen dúbida, un xeito extraordinario de que os futuros lectores se acheguen a ela dun xeito

ameno e divertido.

b) As bibliotecas escolares

As bibliotecas escolares merecen un apartado de seu xa que son unha garantía esencial para que todas as nenas e nenos poidan acceder a fondos bibliográficos públicos de calidade. O alumnado, dende que principia a súa andaina escolar, acostúmase a un uso frecuente do servizo de préstamo. Con isto foméntase un hábito que, sen dúbida, pode ser decisivo unha vez que remata a escolaridade.

Non debemos esquecer que a misión última das bibliotecas é a de unificar e centralizar os recursos bibliográficos do centro para un bo aproveitamento da comunidade escolar. Mais a biblioteca é tamén un espazo dinamizador que fomenta o pracer da lectura e favorece o acceso á cultura.

A ameaza para a lectura non está en internet, senón en crer que na rede se pode ler igual que se le fóra dela

É moi importante ter en conta que como pais e nais tamén podemos, e debemos, implicarnos no traballo das bibliotecas escolares. O primeiro paso é interesarnos polo labor que fan cos nosos fillos e fillas. O seguinte é saber que as familias forman parte da comunidade lectora do centro e que a súa implicación é unha extraordinaria axuda



á hora de asentar o hábito lector dos máis cativos.

c) As librarías

Como familia temos espazos para o ocio: dar un paseo, tomar un refresco, un día de praia... É importante que as visitas ás librarías formen parte destes lugares comúns. Cada certo tempo, podemos acudir á librería e formar aos pequechos como usuarios e consumidores responsables.

Ao igual que no caso das bibliotecas, dende moi cedo poden aprender que as librarías teñen unha orde temática que facilita a busca de exemplares. É bo que vexan as novidades que poidan ser do seu interese, que as analicen antes da posible compra, que escollan, descarten... En fin, que vaian formando o criterio propio de lector.

Nin que dicir ten que non é necesario mercar un libro cada vez que entramos nun establecemento. Os pequechos poden deixar elixidos exemplares que despois buscarán na biblioteca ou que mercarán máis adiante. Tamén é importante que observen que agasallamos con libros a xente que apreciamos. Non temos porque agardar por ningunha data especial: o libro é un produto de consumo habitual, non excepcional.

Ao igual ca no caso das bibliotecas, é bo ter en conta que as librarías máis especializadas acostuman programar con regularidade actividades de animación á lectura.

7. A BIBLIOTECA DA NOSA CASA

Comentabamos no apartado anterior que a biblioteca é unha boa cimentación á hora de formar futuros lectores. Pero ademais das bibliotecas públicas (de barrio, municipais, escolares...), hai unha que é a máis próxima de todas: a da casa. Que os cativos teñan unha de seu fará que aprecien máis os seus libros e á vez estimulará o hábito da lectura.

Pero, como crear esa biblioteca? O primeiro labor é o de buscar o espazo da casa onde o neno ou nena se sinta máis cómoda e teña un fácil acceso aos exemplares. Un dos lugares que habitualmente mellor responden a estes parámetros é o propio dormitorio. É moi recomendable buscar un lugar facilmente accesible e que estea á súa altura (minimizaremos así o risco de accidentes por estaren os libros en lugares elevados).

A primeira biblioteca pode, e debe, conformarse bastante antes de que o rapaz teña unha competencia lectora. É importante que os libros que lle



lemos e os de ilustracións que el utiliza teñan un espazo propio. O neno ou a nena será a encargada de ir recollendo e ordenando, na medida das súas posibilidades. Segundo pase o tempo, o número de exemplares irá medrando. Aí é cando podemos traballar a colocación de libros por formato, xénero, autor... Hai que ter en conta que o propietario da biblioteca infantil tamén ten que ter voz e voto no xeito de ordenar o seu pequeno universo de libros.

8. ACTIVIDADES

Arredor do libro como obxecto ou como pretexto, podemos facer nas nosas casas actividades que acheguen os máis pequenos á lectura. Dámosvos aquí algunhas ideas.



onde prime a sonoridade, cantémoslle e non nos esquezamos de xogar cos libros (xa dixemos que hai formatos axeitados a todas as idades, tamén para bebés).

DENDE OS PRIMEIROS DÍAS DE VIDA

Non nos cansamos de dicir que a animación á lectura principia dende que os nosos e fillos e fillas son bebés. É bo estimulalos léndolles, contándolles, tecendo un vínculo de comunicación entre pais e fillos. Temos na nosa man estimular o pracer de escoitar, de imaxinar e de aprender.

É importante que teñamos en conta que nestas etapas iniciais é fundamental crear climas de tranquilidade e sosego que favorezan a transmisión da palabra e a atención dos máis pequeños.

As actividades para animar a lectura nesta etapa, como non podía ser doutro xeito, céntranse na oralidade. Leámoslle contos e poemas moi sinxelos,

ETAPA INFANTIL/PRIMARIA

A hora do conto

Subliñamos xa a importancia de que, mesmo antes de adquiriren as competencias na lecto-escrita, os cativos se afagan á presenza habitual dos libros nas súas vidas. Un excelente xeito de construír ese camiño é a 'institucionalización' dunha "hora do conto". Un tempo fixo, a poder ser diario, no que o adulto le canda o neno ou nena un libro.

Debuxar o conto

Recordar durante outro momento do día co cativo o conto que se leu ou se está lendo e suxerirle debuxar un momento ou personaxe que lle chamase a aten-

ción ou lle gustase especialmente. Poñendo sobre papel e coas súas pinturas a idea que ten sobre o relato, o neno interioriza á vez que interpreta ese mundo imaxinario.

Xogar o conto

De xeito espontáneo, os cativos xa levan en moitas ocasións os personaxes e historias dos que escoitan aos seus xogos cotiás. Bonecos e xoguetes diversos poden converterse así en ferramenta de dramatización do conto para eles, onde a través dos seus enredos habituais xoga a imaxinar tamén os relatos que se lle van contando.

Que acontecería se...?

Un dos clásicos de entre as magníficas ideas que poden atoparse na *Gramática da Fantasía*, de Gianni Rodari, é o que xera a simple frase "Que pasaría se...?" estimulando a imaxinación en múltiples posibilidades. Rodari fala, por exemplo, de escoller un suxeito e un predicado ao azar. Pero tamén ao fío dun conto dado xera moitas posibilidades: que pasaría se tal personaxe fixese tal cousa e non tal outra?

Máis aló do final

Ese "fin" que todo libro posúe pode significar tanto satisfacción como frustración, na medida en que sexa un final aceptado ou non pola cativada. Pero antes de dar paso ao novo libro, ás veces pode dar moito xogo previo. O propio pícaro moitas veces ten algunha pregunta ao respecto. Desapareceu o monstro de verdade? E ti que pensas?



Visita á librería

Ademais de traerlle libros ao cativo de cando en vez da librería, pode dar moito xogo que o menor acompañe o adulto na visita á librería. Máis aló de que as librerías viñeron avanzando neste aspecto e cada vez máis pasan a acoller actividades de animación lectora ou reservar espazos de xogo para a cativería, pode ser moi útil o feito de planificar conxuntamente a visita á librería e de remexer xuntos entre as novidades, pasar páxinas, mirar e remirar ata escoller finalmente o que máis lle guste.

Aprender a compartir

Un bo xeito de estimular a lectura entre "iguais" é fomentar o intercambio de libros cos amigos e amigas. Dende a casa podemos animalos a que lle recomenden e presten aos compañeiros aqueles volumes que máis lles gustaron e que tamén traían para a casa outros. Esta práctica, especialmente recomendable cando os lectores comezan a gañar autonomía, axuda a que accedan a outras bibliotecas que non son a súa.

NO TREITO DE PRIMARIA E SECUNDARIA

Poesía vs. música

Poñemos unha peza musical da que nos interese especialmente a súa letra. Escollemos algunha peza que fose composta a partir dalgún poemario. Chamámolo a escoitar a letra e preguntámoslle que pensa. Explicámoslle por que consideramos que é especial esa letra. Comentámoslle que a peza está inspirada en certo poema e autor. Aproveitamos para comentarlle que na biblioteca probablemente temos o libro en cuestión.



Planificando a viaxe

Aproveitando que imos via-
xar a unha zona determi-
nada ou visitar outra cidade,
animámolo a buscar informa-
ción ao respecto. De camiño e
unha vez aló, deixamos que nos in-
forme e nos sorprenda sobre o que apren-
den sobre ese lugar.

Libro vs. película

Convidámolo a ler un libro sobre o que sabemos que
se fixo unha película para descubrir ao remate que
 cousas cambiaron, se responde ás expectativas, que
 cousas nos gustan máis ou menos.

Lemos as novas do día

A lectura non só está nos libros. Cómpre lembrar que
podemos estimulala con moitos outros formatos.
Unha proposta que xeralmente funciona ben é selec-
cionar algunhas novas dun xornal e comentalas en
familia, en especial as que afectan máis directa-
mente. Que opina o rapaz ou rapaza?

Dende que os nenos teñen certa soltura na escrita (a
partir dos sete anos) podemos xogar a elaborar o xor-
nal ou semanario da nosa casa. Neste infórmase do
que aconteceu ao longo da semana e tamén dos
proxectos de futuro da familia.

9. COMPARTINDO EXPERIENCIAS

Leticia Barbadillo

Ledicia Costas

Emi Candal

Miguel Ángel Alonso Díz

Ester Castro García

Mercedes Queixas

Xosé Antonio Formoso Lado

Santi Veloso

Cristina Novoa

Espazo Lectura

LETICIA BARBADILLO

Esta coruñesa, licenciada en Comunicación Audiovisual, mantén o blog “Se o vello Simbad tivese fillos”, unha das referencias na rede galega sobre a vivencia da maternidade, cos seus proles e contras cotiáns. Sabe ben do que fala, na casa de Leticia Barbadillo xa son familia numerosa. Hai apenas un ano naceu o terceiro do seus fillos.

No día a día da súa casa os libros están moi presentes. Considera que é moi importante que os nenos “xoguen cos libros, sen lelos, que perdan o medo a esfolalos, que sexan un xoguete máis dende ben pequenos... relacionarse con eles de ti a ti, polo que vexo co meu pequeno, é el quen colle os contos dos irmáns e demanda que llos contemos.”

Leticia ten claro que o que funciona no fogar á hora de buscar espazos para o encontro cos libros: “Hai que construír a rutina da lectura familiar, procurando que sexa un momento compartido e agradable, dende bebés. Hai que buscar o momento máis receptivo, que non en todos os nenos ten por que ser antes de durmir, e buscar contos atractivos tanto para eles como para nós: é importante tamén que goce-mos contándoos. Nese sentido, os contos en verso resultan moi atractivos para eles e obrigan ao narrador, pola súa forma, a un compromiso maior na lectura, a facela máis teatral e atractiva”

**que é moi importante que os
nenos “xoguen cos libros, sen
lelos, que perdan o medo
a esfolalos, que sexan un
xoguete máis dende ben
pequenos**

LEDICIA COSTAS

É, sen dúbida, unha das autoras de literatura infantil e xuvenil máis destacadas do momento. Nacida en Vigo en 1979, Leticia Costas acadou sonoros éxitos entre a crítica e os lectores por obras como *Escarlatina*, *a cociñeira defunta*, unha novela dirixida a nenos e nenas de once e máis anos que está triunfando alén das nosas fronteiras.



broos poden marcar as futuras inclinacións culturais e intelectuais dunha cativa ou dun cativo. É esencial que os libros sexan un obxecto familiar. Os pequenos len por imitación. Se na casa hai libros, van ter curiosidade por saber que cousas contan eses obxectos cheos de letras.”

Costas ten moita experiencia directa coa rapazada, cada ano visita ducias de centros escolares para atoparse cos seus lectores: “O que eu fago é falarlles no seu propio idioma. Nunca me sitúo nun plano superior. Cóntolles as anécdotas que deron lugar a este ou aquel episodio que se relata no libro co que están traballando na aula, normalmente nun rexistro humorístico. Trato de explicarlles que ler é algo único. Algo que os fará ser guapos por dentro. Ler alimenta o cerebro, a intelixencia e a imaxinación.”

Pero, máis aló das aulas, que podemos facer dentro das familias? Aí van algunhas claves: “Algo tan sinxelo como lerlles contos antes de durmir crea un vínculo especial, ao tempo que se empeza a traballar o campo da imaxinación. Premialos cunha visita a unha librería e darlles a posibilidade de que escollan un libro, regalarlles un carné da biblioteca... as opcións son infinitas. Trátase de facerlles entender que a lectura é algo distinto a todo. Unha viaxe marabillosa que está ao seu alcance.”

E comparte con nós unha última reflexión dirixida aos pais e ás nais: “É importante que entendan que os li-

**lerlles contos antes de durmir
crea un vínculo especial, ao
tempo que se empeza a traba-
llar o campo da imaxinación**

EMI CANDAL

Emi Candal é socia de Urdime, unha cooperativa que coordina numerosos espectáculos escénicos e obradoiros culturais por toda Galicia.

O seu público obxectivo é o infantil.

Preguntámoslle como funcionan as actividades externas de apoio á lectura: “teño comprobado que xeran un fabuloso tecido, a miña filla tiña moitas ganas de poder ler as cancións do libro de Magín Blanco, *A nena e o grilo nun barquiño*, porque levaba xa anos mirando as ilustracións e desexaba poder lelas, así mo ten expresado. En moitas ocasións teño visto a nais e pais en actividades relacionadas coa animación á lectura en bibliotecas, sendo esta a primeira vez que esas persoas adultas entran nese lugar, comentar como as nenas e os nenos que na súa casa non teñen interese polos libros alí cóllenos, falan coa narradora ou co narrador sobre as ilustracións, séntanse e len...”

Emi Candal tamén é nai dunha nena e para ela o problema principal á hora de inculcar o hábito lector na infancia parte dos adultos: “a maior dificultade está, como en case todo o que ten que ver cos nenos, nas “cabezas” adultas que as rodean. Penso que durante a infancia todas as aprendizaxes e experiencias non deben ser presentadas como necesarias ou fundamentais para “o futuro”, polo simple feito de que en moitas ocasións “futuro” se entende como éxito, traballo, diñeiro... e non creo que este sexa o enfoque acertado, creo que o hábito da lectura como outros hábitos deben vincularse máis ao pracer, ao gozo”.



a maior dificultade está, como en case todo o que ten que ver coa rapazada, nas “cabezas” adultas que as rodean

MIGUEL ÁNGEL ALONSO DÍZ

Miguel Ángel Alonso é un licenciado en Economía que un día decidiu facer da súa vocación (a literatura) un xeito de vida. Como escritor, ademais de contar con títulos poéticos dedicados ao público máis adulto, destaca especialmente polo éxito dos seus libros infantís: *O cullarapo Croque* ou *A nena á que non deixaban ser feliz*, entre outros.

Para Alonso Diz os pais (el tamén o é) deben ser moi conscientes da importancia que ten o hábito lector no futuro dos nenos e nenas: “incide directamente na capacidade de comunicación, na súa creatividade ademais de fomentar a capacidade de desenvolver o pensamento crítico e de crear un hábito que favorece o estudio. Todas as capacidades inflúen dun xeito directo nas posibilidades de éxito futuro dos seus fillos e fillas. O mercado laboral demanda con maior intensidade perfís que cumpran estes requisitos”

Á hora de fomentar o gusto pola lectura, Alonso aposta por achegarlles aos nenos historias coas que eles se poidan identificar dun xeito claro, cunha linguaxe adaptada e situacións facilmente trasladables á realidade. O escritor vigués considera que o tradicional cómic, “ademais de fomentar a cultura visual, é unha fábrica de lectores. Ás veces un percibe que os pais e nais non valoran abondo este tipo de lectura”.



**achegarlle ás crianzas historias
coas que eles se poidan
identificar dun xeito claro, cunha
linguaxe adaptada e situacións
facilmente trasladables
á realidade**

ESTER CASTRO GARCÍA

Ester Castro é unha libreira atípica, case unha excentricidade. O seu establecemento está na Pontepedra, un pequeno núcleo que é, pola súa vez, a capital dun municipio eminentemente Tordoia (comarca de Ordes). Por puras razóns de mercado, o libro é unha parte secundaria do seu negocio (estanco, papelería...), porén, nunca faltan as novidades editoriais no seu pequeno escaparate.

Como esperta unha libreira do rural o gusto pola lectura nunha pequecha? "O primeiro que fago é preguntar se lle gusta ler (case sempre é non). Despois pregúntolle polos seus gustos e, segundo a resposta, trato de convencelos para que lean un libro o máis semellante posible a eses gustos. Iso sí, coa promesa de que cando volvan por aquí me conten un pouco o argumento do libro e digan se lles gustou".

Dende a súa experiencia, Ester Castro considera que nas casas "é fundamental crear ambiente de lectura (predicar co exemplo). Un libro ten que ser un agasallo obrigatorio dende a infancia. Opino tamén que non estaría de sobra que nos involucrásemos nesa lectura e participásemos dela".

Ela lembra perfectamente os primeiros libros que caeron nas súas mans. Un deles foi *O conde de Montecristo*, "grazas a unha pequena biblioteca que tiña un veciño xa maior, do que tamén aprendín aquilo que nos dicía sempre: nenos, para saber, hai que andar ou ler"



é fundamental crear ambiente de lectura (predicar co exemplo). Un libro ten que ser un agasallo obrigatorio dende a infancia

MERCEDES QUEIXAS

A coruñesa (e bergantiñá) Mercedes Queixas-Zas é escritora e profesora de secundaria. Mais Mercedes tamén é, entre moitas outras cousas, nai de dúas rapazas e secretaria xeral da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega. Para ela “a educación, a formación, en xeral, é un proceso nunca pechado que debe completarse ao longo da vida das persoas e a lectura é un complemento básico que acompaña nesta viaxe de lecer e aprendizaxe”.

Dende a súa experiencia, o que mellor funciona cos lectores e lectoras máis pequenos é “a naturalidade e a espontaneidade coa convivencia material cos libros dende o primeiro momento, dende ese intre máxico en que un bebé descobre que é quen de suxeitar coas mans un obxecto e que lle pode achegar algo novo: un olor, unha cor, unha imaxe, un tacto diferente...”.

Mercedes Queixas subliña que un bo porto de partida cara á lectura é “a pequena biblioteca persoal, individual, nese recuncho íntimo e agarimado que cada pequeno ou pequena ten na súa casa. E, por suposto, nada mellor que aproveitar a lectura como elemento integrador dun tempo familiar compartido e vivenciado conxuntamente, no que o diálogo interxeracional acada o seu maior protagonismo.”

Educar dende as casas ás futuras lectoras non é unha tarefa doada: “O camiño ten que ser retroalimentador e multidireccional, pois as familias non



educan soas os nenos, senón que se trata dun proceso de socialización colectiva en que a lectura require visibilidade suxestiva e oferta pública rica e plural.

A familia, a escola, a Administración, o contorno socializador precísanse como pontes que canalicen os afluentes da lectura, que nunca será un proceso ríxido, estático, senón dinámico e evolutivo acorde con cada individuo. A lectura precisa e estimula toda unha rede sensorial de afectos, de comunicación. Ningún espazo máis acaído que o familiar para a inaugurar.”

**un bo porto de partida cara á
lectura é “a pequena biblioteca
persoal, individual, nese
recuncho íntimo e agarimado
que cada pequeno ou pequena
ten na súa casa**

**XOSÉ ANTONIO
FORMOSO LADO**



Aínda que naceu en Muros, leva anos residindo en Caión, unha pequena vila mariñeira que marca a fronteira entre a costa bergantiñá e a coruñesa. Licenciado en Filoloxía Galega, é socio de Fabaloba, unha cooperativa coñecida especializada na área cultural e que ten xa unha considerable experiencia en animación á lectura. Pero ademais do anterior, Xosé Antonio Formoso é pai dunha nena e dun neno. Cóntanos por escrito a experiencia del e da súa parella. Polo seu interese, decidimos reproducila textualmente.

"Non se nos ocorre nada especial, así que máis ou menos imos contar a nosa experiencia cotiá, que non encerra grandes segredos.

Ter libros á man é básico, claro, pero tamén outros soportes nos que ler. Hai uns anos aínda era común identificar lectura e libro, pero hoxe xa non ten escusa (sen que isto implique ningunha inclinación especial polas novas tecnoloxías). Estas ofrécennos outras posibilidades para ler e tamén múltiples ferramentas para vincular literatura e xogo, estou pensando en aplicación como Creappecuentos, Adobe Voice ou a gran cantidade de libros electrónicos ilustrados que permiten combinar a lectura coa escoita e co xogo.

Ter libros á man, dicíamos, no noso caso están ademais espaxados por calquera parte da casa, un pouco coma os xoguetes. Hai que ensinar a recoller e manter unha orde, si, pero non converter a biblioteca e a lectura nun lugar e un hábito serio e gris.

Outro comentario habitual é que a rapazada vai ler se os pais len. Iso axuda, evidentemente, mais, que pasa se os pais non len? Están condenados eses nenos a non ler? O hábito da lectura esixe un esforzo e pensamos que non é doado collelo de adulto, non poden

daquela eses pais non lectores criar fillos aos que lles guste ler? Coñecemos casos que testemuñan que parellas escasamente lectoras si son quen de facer que os cativos lean. Asesóranse en bibliotecas, librerías ou coas amizades e comparten cos fillos momentos de lectura que van afacendo os nenos a esta.

Sobre isto de lerlles aos nenos recordo unha advertencia que lin hai anos en Espantapájaros Taller, unha web creo que colombiana sobre animación á lectura, onde se falaba dun erro común que consistía en abandonar o hábito de lerlles aos nenos unha vez que estes xa eran lectores autónomos.

sempre lle oín aos vellos que era importante falarlle moito aos cativos

Nós seguimos lendo con eles (por agora só Tian é lector autónomo) e non só na "hora do conto" antes de ir durmir. Calquera momento é bo para se relaxar un momento cunha pequena historia. Ás veces

non "lles lemos", senón que "lemos canda eles" (ou canda Tián xa que Sabela aínda non le ela soa). Quero dicir que nos poñemos xuntos cada quen a ler súa cousa.

Outra cousa que pode ser positiva é vincular aquilo que sae nos libros co momento e co espazo do xogo, por exemplo: facendo pequenas representacións dos contos nos que cada membro da familia interpreta un dos personaxes da historia; identificando

tal paxaro que ves no bosque co que sae nun conto ou se estás sachando na leira contarlle a historia das fabas máxicas. Este día, por exemplo, estabamos a ler o volume da Historia da biblioteca básica dos Bolechas e a Sabela chamoulle a atención o do muíño de man, así que fomos á praia buscar uns seixos acaídos e despois estivemos estragando millo a esgalla. En fin, iso, vincular o xogo co que aparece nos libros.

Ademais do xogo, a propia conversa. Sempre lles oín aos vellos que era importante falarlles moito aos cativos, e velaí que nos libros tes moitos temas que poden dar para conversas moi interesantes. Iso lévanos tamén á importancia da literatura oral e a desenvolver o gusto pola palabra. Se lles gusta escoitar, é máis doado que lles guste ler, que vén sendo o mesmo. Non podemos quedar só nos contos, tamén hai que ter en conta os libros de poesía infantil, os que poñen máis a importancia na música da palabra, (para iso son tamén boa ferramenta os libro-discos, dos que hoxe afortunadamente temos algo de oferta). Tamén a palabra como xogo (as adiviñas, as rimas...)”

SANTI VELOSO

Santi Veloso é a alma máter de Ponte nas Ondas, unha experiencia educativa de comunicación que ten recibido numerosos premios polo seu traballo na difusión do patrimonio inmaterial galego-portugués. Veloso, ademais de pai, é un experimentado profesor de lingua e literatura do ensino medio. Para el, a lectura “igualada socialmente os nenos. Un neno de poucos recursos pode compartir a través dos libros o mesmo universo de coñecementos que os de familias máis acomodadas. Os centros educativos temos ese papel de intermediación, de facilitar lecturas que son moi positivas para a formación do alumnado”.

Veloso subliña que “os hábitos de lectura veñen xa un pouco construídos dende primaria. Cando chegan á adolescencia xa veñen con certas tendencias á hora de ler. Tes o alumnado que é moi lector e ao lado outro que ten estigmatizada a lectura porque pensa que é unha actividade que non lle interesa”. E como podemos motivar precisamente a eses rapaces e rapazas que xa encaran a adolescencia e están afastados da lectura? Para Veloso a clave é buscar a motivación interior de cada lector: “a tecla que hai que tocar para que un alumno abra un libro. Nese sentido teño unha experiencia interesante. No meu centro (zona rural da comarca de Vigo) temos un perfil de alumnado que en moitas ocasións non ve hábito lector na casa. No noso caso fixemos un experimento que era buscar a motivación dos rapaces a través dos cabalos, que nesta zona é o seu foco de interese. Procurámoslles lecturas con esa temática e aí si que se engancharon. Vimos a



alumnas e alumnos devorando libros. Por iso digo que a clave está en buscar os intereses e inquedanzas do pequeno lector, que descubra que todo o que lle interesa está nos libros. Na lectura, como en todo, hai que buscar o foco de interese”.

**un neno de poucos recursos
pode compartir a través dos li-
bros o mesmo universo de coñe-
cementos que os de familias
máis acomodadas**

CRISTINA NOVOA

Agarda por nós na cafeteira do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). A mesa na que senta está a escasos metros da librería do museo. É unha feliz coincidencia por que dicir Cristina Novoa (León, 1957) é dicir o nome e apelido dunha das voces máis autorizadas á hora de falar de fomento da lectura. Son moitos os homes e mulleres relacionados co mundo do libro que comentan con admiración o inxente traballo que se desenvolve dende o departamento que ela dirixe: A Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.

O tempo de conversa ao seu lado pasa veloz. Di que é algo tímida para as entrevistas, pero axiña comezan a abrollar vizosas e claras as súas reflexións. Explicámoslle que estamos a elaborar unha guía para orientar os pais na tarefa de fomentar a lectura dentro das casas: "Aos pais hai que tratar de convencerlos de que o seu papel é primordial: como mediadores e como exemplo lector. Ningún pai che vai dicir que non quere a lectura para os seus fillos. O que pasa é que para moitos non está no seu contexto ou nunca a viviron.

Non son lectores, pero iso non significa que non saiban que é bo para os fillos. Outra cousa é que perciban para que, ademais de para o desenvolvemento escolar, outras cousas pode servir a lectura".

É evidente que un bo hábito lector axuda moito ao longo de toda a etapa educativa pero as dimensións da lectura van moito máis aló: "É importante que as familias saiban o que a lectura lles proporciona aos seus fillos e que, ademais de servir para adquirir outras habilidades, lles vai servir para conformarse como persoas".



Ser un bo lector ou lectora non é traballo doado. Requiere un esforzo, unha aprendizaxe previa, por iso opina que cos menores "hai que buscar estratexias e tácticas para vincularlos á lectura. O primeiro de todo é facilitar espazos e tempos para a lectura. Na sociedade na que vivimos hai moito ruído, por todos os sitios hai un aparello electrónico funcionando. O silencio dános medo e polo tanto, hai pouco silencio nas casas. Os nenos para ler precisan silencio e iso hai que buscalo na casa e na escola".

A terceira premisa, que vai parella canda os espazos e os tempos, é a escolla de contidos de calidade: "É básico elixir bos textos. A selección de títulos é fundamental. Non podemos pretender que se vinculen á lectura con textos banais, irrelevantes. Para que se cree un vínculo, teñen que ser lecturas que lles cheguen dentro".

non podemos pretender que se vinculen á lectura con temas banais. A selección de bos textos é fundamental

Cristina Novoa defende que os lectores máis pequenos teñen dereito a lecturas de calidade e a non ser tratados coma parvos. Pon o exemplo de éxitos de libros recentes como o de *Escarlatina*, de Le-

lucia Costas, que se achegan sen complexos a temas como a morte e que están a ter un éxito notable entre a rapazada. É a demostración de que a boa literatura fai lectores: soamente se aprende a recoñecer o bo cando tes contacto con el. A selección é fundamental, na casa e especialmente na escola".

Pero que podemos facer os pais e as nais, as persoas que temos máis contacto cos pequenos? "O primeiro é que nos vexan ler. Tamén está demostrado que lles en voz alta ás nenas e aos nenos dende peque-

rechiños e poñerlles libros nas mans é o que funciona”.

As rutinas son outro eixe fundamental, especialmente na época prelectora: “Hai que incorporar un tempo diario para a lectura en familia. Non é preciso ser grandes lectores, hai que facer unha lectura normal, enfatizando as palabras que lle poidan chamar máis a atención. Sen pensar que teñen que entendelo todo, xa o irán comprendendo máis adiante. Ir lendo con eles, contando, vinculando os contidos coa vida das nenas e dos nenos, coa experiencia deles. Con iso estamos dedicando un tempo de afecto e iso é o que os vincula á lectura”.

Dedicándolle ese tempo diario en familia estamos facilitando o desenvolvemento lingüístico, o neurolóxico e tamén melloramos a capacidade cognitiva dos nenos. Cristina Novoa lembra nesta tarefa a importancia da literatura oral, os xogos, as adviñas ou os trabalinguas e “por suposto, moita poesía”.

“Outra ferramenta é aproveitar o que temos na vida diaria para chamar a atención das máis pequenas. Por exemplo, cos nenos que se van fixando nos logos dos coches, das marcas... cando os van identificando xa están facendo unha decodificación. Os sinais de tráfico... Todo o que temos na vida cotiá. Hai que ensinalles a mirar e non a andar cegos polo mundo que os rodea: a ler a publicidade, as imaxes, os carteis... e preguntar cousas sobre o que se está vendo. Iso esperta o apetito por querer saber máis”.

Sabemos da necesidade de contarlles aos máis pequenos, pero, que pasa cando os nenos aprenden a ler? Cal é a estratexia? “A receita segue a ser a mesma. É moi positivo irles creando a biblioteca persoal, que o libro sexa un agasallo pero tamén que vexan que é algo que adquirimos con regularidade. Tamén é importante ensinalles que non hai que mercar todo e que temos bibliotecas”.

Que o neno ou a nena comece a ler non significa que non haxa que acompañalos nesta nova etapa.

Todo o contrario. E sobre todo hai que darlles valor aos libros, tamén aos que traen dos centros escolares. “Unha boa estratexia é falar de libros, comentalos en familia, coñecer a súa opinión”.

E que pasa coa tan temida etapa da adolescencia? “Hai unha idea preconcebida que di que os adolescentes deixan de ler. É certo que teñen moitos estímulos externos. A lectura

pode quedar a un lado porque precisa de tempo. Aí si que é importante a tarefa dos mediadores (a familia e os docentes). É preciso que suxiran e seduzan. Contra o que se pensa, na adolescencia séguese a ler e incluso é posible incorporar novos lectores”.

**os nenos para ler precisan
silencio e iso hai que
buscalo na casa e na
escola**

Sobre gustos sabemos que non hai nada escrito, tampouco na rapazada: “Os nenos que len non sempre lles gustan os libros de literatura (narrativa, poesía...), tamén os hai que prefiren libros de coñecemento. Pode que non lles tire a poesía pero, non obstante, toleen polos libros de animais. Non obstante, temos que ser quen de aproveitar estas inqueanzas”.

A biblioteca persoal, da que falamos hai uns parágrafos, ten moita importancia: “O simple feito de ter próximos os materiais de lectura é un xeito de demostrar que forman parte da nosa vida. Para os nenos é fundamental que vaian construíndo a súa propia biblioteca que é diferente á da familia”.

A socialización da lectura

Mais Cristina Novoa é unha firme defensora do papel xeral das bibliotecas na sociedade. Nos últimos tempos o mundo das bibliotecas está en transición. Xa non son espazos onde simplemente se acumulan libros. “Cada vez máis, as bibliotecas tamén proporcionan espazos e tempos para facer actividades xuntas: escoitar un conto, falar de lecturas... Son ese terceiro lugar, fóra do traballo e da escola, que socializa. Esas son as bibliotecas que van ser útiles”.

Os tempos nos que viven as novas xeracións son moi diferentes aos dos seus pais e nais. A universalización

da tecnoloxía dixital está a provocar cambios profundos. Como afecta isto? En que cambia a animación á lectura? "O que eu vexo é que eses tempos e espazos para a lectura hai que propicialos sexa no libro en papel ou nun lector electrónico. O problema é que nunha tableta hai demasiados estímulos para un lector inmaduro, incluso para un adulto, que empeza a procrastinar e xa sabemos o que pasa." Sexa como for, Cristina Novoa ten claro que o importante é equilibrar: "Hai un tempo para o dixital e outro para o papel".

**unha boa estratexia é falar
de libros, comentalos en fa-
milia, coñecer a súa opi-
nión**

ESPAZO LECTURA

Ler tamén é unha aventura en sociedade

A lectura tamén ten unha dimensión social. Os libros contribúen a que coñezamos mellor a sociedade na que vivimos e incluso propician a relación e integración dentro dela. Un dos mellores exemplos é a experiencia de Espazo Lectura no municipio de Gondomar. O proxecto, que botou a andar formalmente a principios de 2008, demostra que a implicación das familias e da veciñanza poden facer auténticos milagres na animación á lectura.

Pero comezamos polo principio. Todo nace algo antes de 2008 froito dunha necesidade e de moita ilusión. Un grupo de pais e nais que vivían en Gondomar, un concello "rururbano" (14.000 habitantes) da comarca de Vigo pensou que xuntos podían solucionar un problema co que se atopaban no día a día. Explicao moi graficamente Beatriz Núñez, actual presidenta do Espazo Lectura: "A primeira chispa do proxecto foi unha ANPA de Gondomar. Un grupo de nais e pais estabamos cansos de ir ata Vigo (hai 30 quilómetros) para asistir a sesións de contacontos. Pensamos en solucionalo nós mesmas. Aí naceu Contomar, que é unha actividade para contar contos os luns pola tarde na biblioteca municipal".



**a miúdo son os rapaces os que
acaban abríndolle o mundo dos
libros aos maiores**

Cunha necesidade e cuns vimbios tan básicos coma os propios pais e nais lén-dolle a un grupo de nenos, botou a andar Espazo Lectura. Hoxe aquel proxecto pioneiro é unha referencia da animación á lectura en Galicia. Dende Letra en Obras decidimos achegarnos ata Gondomar para coñecer de primeira man a iniciativa. Dous membros da asociación (Beatriz Núñez e Luís Domínguez) recíbennos na parroquia de Donas, na antiga escola unitaria restaurada e reconvertida hoxe en biblioteca e centro neuráxico do proxecto.

A pesar da ampla axenda de actividades que ofrece, a filosofía de Espazo Lectura segue descansando sobre o mesmo alicerce, a participación e implicación das familias: "A única condición que se puxo dende o principio é que sempre estean acompañados os rapaces. Isto non é unha actividade extraescolar. Todo o mundo pode participar", sinala Beatriz Núñez.

Proba de que Espazo Lectura é unha iniciativa viva é que foi medrando canda os seus primeiros beneficiarios: "En principio o proxecto pensarámolo exclusivamente para os máis pequenos". Aqueles nenos

medraron e hoxe son adolescentes que en moitos casos seguen na asociación e lles contan contos aos máis pequenos. O proxecto é agora global e hai ac-

tividades pensadas para todas as idades: dende nenos con cueiros ata maiores. O único que non cambiou é o espírito da participación das familias. "A miúdo son os rapaces os que acaban abríndolles o mundo dos libros aos maiores. Hai unha nena que vén a todas as sesións cos seus pais e os seus avós. Non fallan nunca. E ver cousas así é impagable".

o futuro das nosas crianzas depende de todos, non só do sistema escolares

Como en todos os proxectos colectivos, o día a día non é doado e a a miúdo a máxima é a aprendizaxe empírica (proba-erro): "aínda así, fíxose un esforzo formativo constante e incluso houbo cursos para pais impartidos por contadores profesionais. Viaxamos, fixemos excursións, vimos como funcionaban bibliotecas e intentamos aprender o máximo posible doutras experiencias".

Pero, como convencer ás familias de que unha boa formación lectora é un valor moi positivo para o futuro dos seus fillos? Luís Domínguez pon un exemplo ben nadio: "Nós comezamos con nenas e nenos de tres anos e logo fóronse creando novos grupos segundo ían medrando. Creo que non hai ninguén que entrase en Contomar que tivese fracaso escolar. Son alumnos e alumnas que van moi ben a nivel educativo e isto é algo que é importante que saiban os pais".

Para Beatriz, a implicación familiar é esencial: "Temos que responsabilizarnos como familias dos nosos nenos, tamén como sociedade. Proxectos coma o noso crean unión social e pensamento crítico. Queremos fillos e fillas con capacidade de pensar criticamente como cidadáns. O seu futuro depende de todos, non só do sistema escolar".

En Gondomar teñen claro que a animación á lectura comeza cando os nenos e nenas andan aínda co cueiro: "Non hai dúbida ningunha, a etapa prelectora é fundamental. Os pequechos teñen que estar en

contacto cos libros, coa narración oral, cos cantos... e, para min, outro pilar fundamental é o emocional. Hai que vincular emocionalmente aos nenos coa lectura. Por iso son precisos os mediadores e non hai mellores mediadores que os pais e as nais, os avós, a familia... porque son os que mellor coñecen o pequecho".

Alén das casas, as bibliotecas tamén son centros esenciais para a socialización dos

nenos como lectores activos: "Este é o espazo onde dá igual que na túa casa haxa 15.000 volumes ou que haxa cinco. Aquí todos temos acceso á biblioteca. Para nós é un orgullo ver como os adolescentes venñen contarlles contos aos máis pequenos. Para eles iso é o máximo."

Beatriz e Luís, ademais de membros da dirección de Espazo Lectura, son pais e con eles quixemos reflexionar sobre como inflúe a cultura dixital no hábito lector. "Os nosos fillos están neste mundo dixital, non hai que rexeitalo, pero hai

tempo para todo. Teño lido que xente como Bill Gates non lles daba aos seus pequenos dispositivos electrónicos. Todo o contrario. Enchíalles a casa de libros. O cerebro dos pequenos non está preparado para esa velocidade de estimulación". Reflexiona en voz alta Beatriz Núñez. "As lecturas adolescentes en moitos casos están sendo en rede. Está chegando a novas lecturas e iso é fantástico, pero tamén hai que educalo. Canto máis pequenos sexan,

máis en contacto deben estar coa natureza e coas formas lentas que permita a percepción da realidade a un ritmo humano. A sobreexposición, con tempo, xera hiperactividade, falta de concentración... Iso vémosto nós en Contos en cueiros".

Hai crenza de que a adolescencia é o momento crítico onde moitos rapaces deixan aparcada a lectura. Luís Domínguez non comparte plenamente a opinión: "Eu creo que a xente que vén lendo dende

abaixo vai seguir. É certo que hai máis continuidade en nenas ca en nenos, pero non creo que a adolescencia teña que ser un momento crítico”.

“O momento crítico pode aparecer en moitas etapas. Non hai que esquecer que algúns aparecen axiña e poden ter que ver con dificultades no mecanismo lector. Aí hai que pedir axuda á escola. Ese é un momento fundamental. Aprender a ler é un traballo moi duro”, apunta por outro lado Beatriz.

Dende a experiencia de Espazo Lectura sosteñen que a principal misión dos adultos é estarmos moi atentos á demanda: “Cada lector ten os seus gustos. Se ti fas unha lectura imposta, sen acompañar, estás botando para atrás... E ademais (ri) os adolescentes teñen os seus momentos. Eles len, quizais non o que queremos pero eles len”.

De todos os xeitos, cómpre lembrar que nunca é tarde para adquirir o hábito lector. Pode dar fe o propio Luís Núñez: “Eu veño dunha familia que non había libros. Nunca fun un gran lector. Empecei a selo cando entrei en Espazo Lectura coas miñas fillas”.

os momentos críticos no hábito lector pódense dar en moitas etapas

10. BIBLIOGRAFÍA

AAVV (2013): *Animación a la lectura desde la familia*. Madrid. CEAPA.

ACTIS, Beatriz (2003): *¿Qué, cómo y para qué leer? Un libro sobre libros*. Buenos Aires. Homo Sapiens.

BONNAFE, Marie (2009): *Los libros, eso es bueno para los bebés*. Océano.

CASATI, Roberto (2015): *Elogio del papel. Contra el colonialismo digital*. Barcelona. Ariel.

DURÁN, Teresa (1998): *Leer antes de leer*. Madrid. Anaya.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín; LASTRA, Xosé; VÁZQUEZ FREIRE, Miguel (1991): *Animación á lectura*. Vigo. Xerais

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín (1990): *Ler en galego. Estratexias e libros para a animación á lectura dende as aulas*. Vigo. Ir Indo.

GIRBÉS, Juan Carlos; VICO, José (2008): *Guía práctica para hacer hijos lectores*. Barcelona. Generalitat de Catalunya. Alzira: Fundación Bromera.

MARINA, José Antonio (2005): *La magia de leer*. Barcelona. Plaza y Janés.

MCKEE, David (1993): *Ahora no, Fernando*. Madrid. Altea.

MERINO, Ponciano e POLANCO, José Luís (2015). *Formar lectores en la era digital*. Madrid. Ediciones de la Torre.

MIRET, Inés e SEMPERE, Joan (2002): *Leer te da más. Guía para padres*. Madrid. Ministerio de Educación y Cultura.

MORENO, Víctor (2004): *Lectores competentes*. Madrid. Anaya.

RODARI, Gianni (2010): *Gramática da fantasía*. Pontevedra. kalandraka.

RICO, Lolo (2003): *Cómo hacer que tus hijos lean*. Madrid. Alfaguara.

SARTO, Montserrat (1998). *Animación a la lectura con nuevas estrategias*. Madrid. SM.

STEINER, George (2011): *El silencio de los libros*. Madrid. Siruela.

ler

conta moito